

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que prorrogan todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny*, ou couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Antecedentes.

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalopsis solanivora Povolny*, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015.

A través da Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 209, do 3 de novembro), declarouse a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca e establecéronse as zonas demarcadas para esta praga e as medidas urxentes para a súa erradicación e control.

Posteriormente producíronse novas deteccións deste organismo noutras zonas do territorio da comunidade autónoma, as cales foron actualizadas mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 38, do 25 de febreiro), e mediante a Resolución do 2 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 25, do 6 de febreiro).

O día 14 de febreiro de 2017 publícase no DOG número 31 a Resolución do 9 de febreiro de 2017 de ampliación de medidas urxentes para a erradicación e control desta praga, na cal se establecían medidas de obrigado cumprimento tanto para operadores nos puntos de venda de pataca de semente como para produtores profesionais e de autoconsumo.

Posteriormente, o día 26 de marzo de 2018 publícase no DOG número 60 a Resolución pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora* ao concello de Muxía.



Con data do 4 de marzo de 2017, publicouse o Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora Povolny* (BOE núm. 54, do 4 de marzo), en diante real decreto, que establece unhas definicións e medidas que, debido ás características do cultivo da pataca en Galicia e o gran número de pequenas parcelas con destino fundamental ao autoconsumo.

O artigo 8.1.a) do Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny)*, indica que «se prohibirá a plantación de cultivos de pataca durante un período mínimo de dous anos. Transcorrido este prazo, a autoridade competente valorará a situación da praga, en especial se non se conseguiu acadar o obxectivo da erradicación, e poderá prorrogar o período de vixencia desta prohibición».

Os datos de seguimento da praga indica unha importante redución da presenza da praga, pero debido a que segue detectándose a súa presenza nalgún dos concellos incluídos na zona infestada, é preciso prorrogar a prohibición da plantación de pataca na zona infestada para garantir que, no momento que se levante a dita prohibición, non se poña en risco o esforzo realizado ata a data.

Por outra banda, a auditoría levada a cabo pola Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea en España entre os días 11 ao 21 de setembro de 2018 para avaliar a situación relativa á couza Guatemalteca conclúe que foron establecidas medidas de control integral na lexislación nacional e no Plan de continxencia co obxectivo de erradicar esta praga. A auditoría atopou que as medidas foron aplicadas inmediatamente despois de calquera achado da praga, o que deu como resultado unha rápida e significativa redución da súa poboación. A aplicación continuada destas medidas deberían levar no tempo á erradicación de *Tecia solanivora* de España en xeral e en Galicia en particular.

O artigo 15 do Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny)*, indica que se considerará erradicada a praga nunha zona infestada cando non se detecte a súa presenza nun mínimo de dous anos consecutivos, momento no cal poderán levantarse as restricións ao movemento do artigo 9.

No punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as



zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny*, ou couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas no Real decreto 197/2017, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora Povolny* (DOG núm. 49, do 10 de marzo), establece a zona tampón como os terreos comprendidos dentro dunha franxa de 5 quilómetros arredor do límite dos concellos establecidos como zonas infestadas.

Na mesma resolución establécese que os agricultores das zonas tampón definidas no punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017 deberán seguir comunicando, inmediatamente logo da sementeira, todas as parcelas cultivadas con pataca, segundo o modelo establecido no anexo I da Resolución do 9 de febreiro de 2017 (DOG núm. 31, do 14 de febreiro).

A data actual os concellos infestados na provincia da Coruña son: A Capela, Ares, As Pontes, Cabanas, Cariño, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Muxía, Narón, Neda, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño. Na provincia de Lugo os concellos infestados son: Abadín, Alfoz, A Pontenova, A Pastoriza, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzán, Mondoñedo, Oural, O Valadouro, O Vicedo, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Viveiro e Xove.

Identicamente está considerada zona tampón na provincia da Coruña a totalidade da superficie dos concellos de As Somozas, Cedeira, Cerdido e Moeche, ademais dunha franxa de 5 km limítrofe cos concellos infestados que afecta a parcelas dos concellos de Pontedeume, Monfero, Vilarmaior, Miño, Cee, Corcubión, Camariñas, Carnota, Dumbría, Fisterra e Vimianzo. Na provincia de Lugo a zona tampón supón unha franxa de 5 km limítrofe cos concellos infestados que afecta a parcelas dos concellos de Xermade, Muras, Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, Pol, Meira, Ribeira de Piquín e A Fonsagrada.

Cando a praga se considere erradicada de acordo co disposto no artigo 15 do Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias ditará unha resolución que establecerá o procedemento para levantar a prohibición do cultivo de pataca nunha zona infestada.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Manter todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 e, en concreto, a expresa prohibición do cultivo de pataca nas zonas infestadas pola



existencia da praga denominada *Tecia solanivora* Povolny, couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Publicar no anexo I o modelo de declaración de cultivo de pataca en zona tampón que deberán presentar os produtores de pataca, tanto profesionais como de autoconsumo. O período para a presentación desta declaración comeza o día seguinte ao da publicación da presente resolución e remata o día 31 de maio de 2019.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019

Silvestre José Balseiros Guinarte
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

CVE-DOG: m85j8zf7-ntm0-4wo8-xhw6-elw4pdunogu1




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO							CAMPAÑA		DOCUMENTO	
DECLARACIÓN DE CULTIVO DE PATACA									COMUNICACIÓN	
REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS CULTIVADAS										
Código de explotación no Rexistro (Reaga):										
DATOS DA PERSOA PRODUTORA										
NOME/RAZÓN SOCIAL				PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA						LUGAR				
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)										
NOME				PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
PARCELAS CULTIVADAS CON PATACA										
(NO SEU CASO) COORDENADAS UTM X/Y		COD. PROV.	CONCELLO	POLÍG.	PARC.	REC	SUP. (m ²)	SUP. SEMENTADA (m ²)	VARIETADE	
/										
/										
/										
/										
LUGAR PREVISTO DE ACOPIO E ALMACENAMENTO DA PATACA RECOLLIDA										
TIPO	NOME DA VÍA					NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA						LUGAR				
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			CONCELLO		LOCALIDADE			
INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS										
Responsable do tratamento		Xunta de Galicia-Consellería do Medio Rural								
Finalidades do tratamento		A tramitación administrativa que se derive da xestión do presente procedemento de declaración.								
Lexitimación para o tratamento		Cumprimento dunha obriga legal e dunha misión realizada en interese público fundamentada na normativa que se recolle na epígrafe "Lexislación aplicable" deste documento.								
Destinatarios dos datos		Non se prevén comunicación a terceiros								
Exercicio de dereitos		As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, segundo se detalla en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos								
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional		https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos								
LEXISLACIÓN APLICABLE										
Resolución do 19 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que prorrogan todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena Tecia solanivora Povolny, ou couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia.										
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE										
Lugar e data										
, de de de										
										
Xefatura Territorial de										



TODO PRODUTOR QUE REALICE A DECLARACIÓN DE CULTIVO DE PATACA, PRESENTARÁ O MODELO DE COMUNICACIÓN NO CAL INDICARÁ A TOTALIDADE DAS REFERENCIAS SIXPAC DAS PARCELAS DE PATACA QUE CULTIVA NA ZONA DEMARCADA.

FORMALIZACIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO.

IDENTIFICADOR DA PERSOA PRODUTORA/CULTIVADORA.

- Enténdese a identificación da persoa produtora como cultivadora, independentemente da persoa propietaria da parca.
- Indicarase o Código da Explotación Agraria (CEA) se está inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

PARCELAS DE CULTIVO DE PATACA

- Indicarase a referencia Sixpac das parcelas e a súa superficie, e a superficie sementada se é cultivada en parte.
- Para parcelas nas que non conste referencia Sixpac rústica (solo urbano, núcleo, etc.) pode referenciarse a coordenada UTM do recinto.
- Os datos indicaranse nas diferentes celas deste impreso de acordo cos seguintes criterios: a superficie en metros cadrados (m²).

CVE-DOG: m85j8zf7-ntm0-4wo8-xhw6-elw4pdunogu1

